



## CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA  
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55  
[concello.valga@cidolocal.es](mailto:concello.valga@cidolocal.es) [www.valga.gal](http://www.valga.gal)

### AUTORIZACIÓN PARA A TOMA E PUBLICACIÓN DE IMÁXENES DE MENORES POLO CONCELLO DE VALGA

Coa inclusión das novas tecnoloxías dentro dos medios ao alcance da sociedade e a posibilidade de que nestes poidan aparecer imaxes dos vosos fillos durante a realización das actividades da Escola de Música deste concello e dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei 1/1982, de 5 de maio, sobre o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e a Lei 15/1999, de 13 de decembro, sobre a Protección de Datos de Carácter Persoal.

O Concello de Valga pide o consentimento ás/aos nais/pais ou titores legais para poder publicar as imaxes nas cales aparezan individualmente ou en grupo, que se poidan realizar nas diferentes secuencias e actividades realizadas dentro das instalacións da Escola de Música e/ou fóra das mesmas en actuacións ou encontros nos que participen.

Don/Dona \_\_\_\_\_, con  
DNI núm. \_\_\_\_\_, como pai/nai ou titor de  
\_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_

AUTORIZO

NON AUTORIZO

ao Concello de Valga ao uso das imaxes realizadas en actividades, actuacións, eventos, certames, cursos ou encontros que se organicen pola Escola de Música Municipal de Valga, e que poderán ser usadas e publicadas en:

- Páxina web: [www.valga.gal](http://www.valga.gal) e redes sociais do Concello de Valga.

- Uso interno en memorias e proxectos da entidade.

O Concello de Valga comprométese a que a utilización destas imaxes en ningún caso suporá un dano na honra e intimidade do menor, nin será contraria aos intereses dos menores, respectando a normativa en materia de protección de datos, imaxe e protección xurídica do menor.

Valga, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asinado:

(pai, nai ou titor legal)

Asimesmo, consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos, informámoslle e vostede consente expresamente, ao asinar este documento, que os datos facilitados no mesmo, así como os aportados con posterioridade, sexan incorporados aos correspondentes ficheiros do concello relacionados con este trámite.

En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación ou oposición mediante unha solicitude por escrito no Rexistro Xeral do Concello de Valga.

**CONCELLO DE VALGA**